



## **PADROADO DE DEPORTES CONCELLO DE NARÓN**

Complexo Polideportivo Municipal da Gándara – Estrada da Gándara nº 148 - 15570 NARÓN Tif. 981-387522 Fax. 981-387632  
E-mail: p.deportes@naron.es

P.D.N. / R.F.V

### **PREGO DE CONDICIÓNNS TÉCNICAS PARA A EXECUCIÓN DO CONTRATO DE LIMPEZA XERAL, MANTEMENTO E SERVIZO DE CONTROL DE ACCESOS DO ESTADIO MUNICIPAL E CAMPO ANEXO DE RIO SECO – NARÓN.**

#### **1.- DO OBXECTO DO CONTRATO.**

Constitúe o obxecto do Contrato o servizo de mantemento, limpeza xeral e servizo de control de accesos do Estadio Municipal e Campo Anexo de Río Seco - Narón, consistente en:

#### **2.- MANTEMENTO.**

Neste apartado incluírase non só o mantemento do estadio senon a manipulación e mantemento (correctivo e preventivo) de tódalas instalacións do mesmo:

- Electricidade (forza e alumado)
- Rede da auga potable.
- Auga quente sanitaria.
- Fontanería, saneamento e augas residuais.
- Carpintería e cerralleiría.
- Cristalería.
- Pinturas e albanelería.
- Sistemas depuradores da auga.
- Xardinería interior e exterior.
- Servizo de vixilancia electrónica.

A reposición de materiais xerais relacionados cos apartados anteriores será asumida polo CONCELLO DE NARÓN. O Adxudicatario prestará o apoio do seu persoal en todo o concernente ás compras dos materiais e produtos.



## **PADROADO DE DEPORTES CONCELLO DE NARÓN**

Complexo Polideportivo Municipal da Gándara – Estrada da Gándara nº 148 - 15570 NARÓN Tif. 981-387522 Fax. 981-387632  
E-mail: p.deportes@naron.es

P.D.N. / R.F.V

### **2.1.- MANTEMENTO DO TERREO DE XOGO DO CAMPO DE FUTBOL E DO CAMPO ANEXO.**

A zona obxecto dos traballos de mantemento é a zona verde de xogo, así como as zonas perimetrais, tanto laterais como as bandas de fondo tralas porterías e o campo anexo.

As labores de mantemento a realizar e a frecuencia daquelas serán ás seguintes:

#### **a) SEGAS.**

Segar a herba, coa retirada ó vertedeiro, dos residuos de corte coa frecuencia necesaria para manter a altura da herba no entorno de 2,5 e ós 4 centímetros (nunca se segará a herba a unha altura inferior ós 2 centímetros). En relación coa altura da herba o adxudicatario aterase ás indicacións que se lle fagan dende o Servizo de Deportes do Concello, atendendo ás suxerencias que puideran aportar os técnicos dos clubs que utilicen dito terreo de xogo.

#### **b) ABONADO.**

Abonado, de acordo coas necesidades marcadas pola evolución do céspede.

#### **c) TRATAMENTOS PREVENTIVOS E CURATIVOS.**

Os tratamentos preventivos realizaranse ao longo do ano, como mínimo un na primavera, outro no verán e outro no inverno.

Os tratamentos curativos realizaranse cando o céspede o requira.

#### **d) TRATAMENTO HERBICIDA SELECTIVO.**

Consiste en matar as malas herbas do campo mediante un herbicida selectivo.



## **PADROADO DE DEPORTES CONCELLO DE NARÓN**

Complexo Polideportivo Municipal da Gándara – Estrada da Gándara nº 148 - 15570 NARÓN Tlf. 981-387522 Fax. 981-387632  
E-mail: p.deportes@naron.es

P.D.N. / R.F.V

### **e) REGO.**

Atención ó correcto funcionamento do sistema automático de rego, en tódalas condicións e circunstancias que se produzan. Reparacións, amaños e, no seu caso, substitución de conduccións de rego e aspersores (limpeza xeral e de filtros, renivelación, etc.).

### **f) SEMENTEIRA E RESTAURACIÓNS.**

- A sementeira, que afectará a todo o terreo de xogo, realizarase nunha operación en período de descanso. Realizaranse sementeiras parciais en outono e primavera.

- Restauración do céspede seguido inmediatamente do uso deportivo do terreo. En condicións de choiva e certa compactación do terreo, faránse necesarias unha ou máis operacións semanais.

- Reposicións ocasionais do céspede por placas en zonas destruídas polo xogo ou ben sementeiras de ditas zonas. Esta operación será necesaria ó rematar a liga (principios de verán).

- Reposición do céspede deteriorado en áreas de gol e puntos de máximo uso, afectando a unha superficie do orden de 75-85 m<sup>2</sup> no seu conxunto. Extracción dunha porción do céspede das bandas do terreo de xogo e sementeira das zonas de préstamos.

### **g) OUTROS TRABALLOS.**

- Aireación do terreo de xogo con pás ocas (“taqueadora”). Recolleranse os “tacos” extraídos. A operación será seguida de “recebo” cunhos 15-18 m<sup>3</sup> de área.



## **PADROADO DE DEPORTES CONCELLO DE NARÓN**

Complexo Polideportivo Municipal da Gándara – Estrada da Gándara nº 148 - 15570 NARÓN Tlf. 981-387522 Fax. 981-387632  
E-mail: p.deportes@naron.es

P.D.N. / R.F.V

- Aireación do terreo de xogo con púas sólidas ("taqueadora"). A operación será seguida de "recebo" cunhos 8-10 m3 de área.

- Aireación por medio de coiteladas verticais, con acoitelado do terreo.

- Recebo do terreo de xogo cunha máquina, seguindo ás labores de aireacións e sementeira.

- Pintado do terreo de xogo.

### **2.2.- MANTEMENTO DAS PISTAS DE ATLETISMO E DO MATERIAL DE ATLETISMO E FUTBOL.**

Débense aspirarse as impurezas (area, po, etc.) de cada rúa, unha vez cada dúas semanas.

Deben lavarse as pistas a presión cada ano.

O mantemento do material de atletismo e futbol realizarase ao longo do ano, conforme se produza o deterioro do mesmo.

### **2.3.- LIMPEZA XERAL.**

Dentro deste apartado, o adxudicatario efectuará todas as labores de limpeza que permitan un axeitado e agradable uso das instalacións, atendendo fundamentalmente a:

- Limpeza de aseos e vestidores.
- Limpeza das oficinas, almacéns etc.
- Limpeza de gradas.
- Limpeza de xardinería e accesos exteriores.
- Limpeza de cristais en xeral.

### **2.4.- SERVIZO DE CONTROL DE ACCESO ÁS INSTALACIÓNS E DO MATERIAL DAQUELAS.**

Neste apartado, o adxudicatario efectuará tódalas labores de control de acceso dos usuarios á instalación, así como prestará todo o apoio ó



## **PADROADO DE DEPORTES CONCELLO DE NARÓN**

Complexo Polideportivo Municipal da Gándara – Estrada da Gándara nº 148 - 15570 NARÓN Tif. 981-387522 Fax. 981-387632  
E-mail: p.deportes@naron.es

P.D.N. / R.F.V

departamento administrativo do Padroado de Deportes, atendendo fundamentalmente a:

- Control de que os usuarios das diferentes actividades estén provistos do correspondente carné, permitindo o acceso ás actividades a aqueles que estén ó corrente no pago do prezo público.
- Manexo da megafonía interna do estadio, facilitando os oportunos avisos, tanto aos usuarios como ó persoal das instalacións e público en xeral.
- Cobro, e posterior liquidación nas oficinas do Padroado de Deportes, das mensualidades polo aluguer das instalacións e das entradas nas actividades que se rixan por esta fórmula de pago.
- Control do uso do material da instalación e do inventario do mesmo, aportando ás oficinas do Padroado de Deportes os informes correspondentes polas alteracións que puideran xurdir.
- Todos aqueles traballos que lle sexan encomendados directamente polo Administrador-Xerente do Servizo de Deportes.

### **3.- LUGAR DE EXECUCION DO CONTRATO.**

Os servizos executaranse no Estadio Municipal de Narón e Campo Anexo sito no lugar de Río Seco, O' Feal.

### **4.- PERSOAL DESTACADO PARA A EXECUCIÓN DO CONTRATO E MEDIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS.**

4.1.- Para a execución dos servizos descritos nos precedentes apartados, o adxudicatario obrígase a dispoñer do persoal necesario e debidamente cualificado, pertencente o seu cadro de persoal, así como os medios técnicos da súa propia organización, tales coma: ferramenta de man, roupa de traballo, equipos de seguridade, etc.

De tódolos xeitos, se o adxudicatario necesitara á súa vez subcontratar, solicitarao por escrito ó Concello de Narón, quen poderá autorizalo.



## **PADROADO DE DEPORTES CONCELLO DE NARÓN**

Complexo Polideportivo Municipal da Gándara – Estrada da Gándara nº 148 - 15570 NARÓN Tlf. 981-387522 Fax. 981-387632  
E-mail: p.deportes@naron.es

P.D.N. / R.F.V

4.2.- O Concello de Narón resérvase o dereito, en calquera intre durante a vixencia do contrato, de pedir e obter do adxudicatario a substitución, por causas razoadas da persoa ou persoas que o adxudicatario designara para os servizos de mantemento, limpeza e control de accesos. A substitución destas persoas deberá realizarse no prazo máximo de sete días, contados dende o pre-aviso por parte do Concello de Narón.

4.3.- En caso de enfermidade ou calquera outro tipo de ausencia, do persoal destacado polo adxudicatario para a execución do servizo, este obrígase a suplilo, para garantir o bo funcionamento da instalación.

4.4.- O persoal que o adxudicatario destaque para a execución dos servizos indicados no apartado 2 dependerá xerarquicamente da súa propia organización, para a cal a empresa situará a persoa necesaria. Esta persoa deberá seguir as indicacións que se lle fagan, para a debida coordinación dos traballos, xa sexa polo Administrador-Xerente do Padroado de Deportes do Concellos de Narón ou por parte da persoa que este expresamente delegue.

4.5.- O adxudicatario comprométese a cumprir tódalas obrigas laborais e de Seguridade Social; para iso á sinatura do contrato achegará os seguintes documentos:

- Certificado extendido pola Tesourería Provincial da Seguridade Social de conforme está ao corrente do pago das cuotas de cotización ó Réxime da Seguridade Social correspondente.
- Seguro de Responsabilidade Civil.
- Relación do persoal necesario para o obxecto do contrato co tipo de contrato que ten e data de remate do mesmo.
- Fotocopia do Libro de Matrícula do persoal.
- Fotocopia da alta no I.A.E.

4.6.- En función da marcha dos traballos, o Concello de Narón, poderá solicitar ó Adxudicatario a súa colaboración engadida, na medida que fose necesaria para o bo fin dos servizos citados.



## **PADROADO DE DEPORTES CONCELLO DE NARÓN**

Complexo Polideportivo Municipal da Gándara – Estrada da Gándara nº 148 - 15570 NARÓN Tlf. 981-387522 Fax. 981-387632  
E-mail: p.deportes@naron.es

P.D.N. / R.F.V

4.7.- O adxudicatario garantiza ó Concello de Narón, que tódolos servizos que se lle encarguen serán executados coas normas da boa práctica profesional que requiran, e que o persoal que os leve a cabo reunirá as calificacións técnicas e experiencia necesarias.

4.8.- A xornada laboral será sempre a ordinaria e vixente en cada momento.

4.9.- O adxudicatario disporá dos medios persoais axeitados para a atención do servizo contratado, cubrindo o horario que de seguido se sinala:

- Do 1 de abril ó 30 de xuño de 2012  
e do 1 de setembro 2012 o 31 de marzo-2013.

<b>D I A S</b>	<b>HORARIO</b>	<b>COMPUTO ANUAL</b>
De Lúns a Domingo	Segundo estableza o Concello de Narón	3.426 Horas.

- Do 1 de Xullo o 31 de Agosto de 2012:

<b>DIAS</b>	<b>HORARIO</b>	<b>COMPUTO ANUAL</b>
De Lúns a Sábado	Segundo estableza O Concello de Narón	379 Horas.

**TOTAL HORAS** **3.805 H.**

Terase en conta, para a execución dos traballos nos servizos antes especificados, o persoal correturnos necesario.

O adxudicatario contará cos medios de locomoción propios (furgoneta ou camión), co obxecto de prestar a axuda necesaria ó Padroado de Deportes para o transporte de equipos deportivos, transporte na merca de produtos para as instalacións, merca de repostos, etc.



## **PADROADO DE DEPORTES CONCELLO DE NARÓN**

Complexo Polideportivo Municipal da Gándara – Estrada da Gándara nº 148 - 15570 NARÓN Tlf. 981-387522 Fax. 981-387632  
E-mail: p.deportes@naron.es

P.D.N. / R.F.V

### **5.- REPONSABILIDADE CIVIL.**

O adxudicatario estará obrigado a subscribir unha póliza de seguros que cubra un risco de 300.506,05 €, como mínimo, por sinistro, como garantía de responsabilidade Civil e danos corporais ou materiais causados involuntariamente a terceiros, por accidente ou negligencia.

### **6.- PREZOS, FACTURACION E CONDICIONS DE PAGO.**

6.1.- O presuposto base máximo será de 87.058,40 euros. ( OITENTA E SETE MIL CINCUENTA E OITO EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS)). Neste importe inclúese o IVE.

**O cómputo por anualidades será:**

<b>ANO</b>	<b>HORAS</b>	<b>IMPORTE IVE INCLUIDO</b>
2012	2.810	64.292,80
2013	995	22.765,60
<b>TOTAL</b>	<b>3.805</b>	<b>87.058,40</b>

6.2.- O prezo do contrato satisfacerase por medio de mensualidades vencidas, e polas horas traballadas no mes, para o que deberá presentar factura que será informada polo Xefe do Servizo e Delegado de Deportes. O adxudicatario deberá ter unha certificación conformada das horas realizadas no mes que corresponda para a emisión da factura correspondente, non admitíndose facturas que conteñan diferenza de horas correspondentes a outros meses.

Diariamente o Adxudicatario presentará nas oficinas do Padroado de Deportes parte diario de traballo sinalando o nome e apelidos do operario ou técnico, tarefas e horas realizadas, que deberá axustarse ao Plan de Organización e Funcionamento dos Servizos e Cuadrantes Horarios presentados polo Adxudicatario na memoria técnica de licitación.



## **PADROADO DE DEPORTES CONCELLO DE NARÓN**

Complexo Polideportivo Municipal da Gándara – Estrada da Gándara nº 148 - 15570 NARÓN Tlf. 981-387522 Fax. 981-387632  
E-mail: p.deportes@naron.es

P.D.N. / R.F.V

6.3.- Mensualmente, o adxudicatario presentará nas oficinas do Padroado de Deportes de Narón a seguinte documentación:

- Documento TC-1 e TC-2
- Partes de alta na Seguridade Social dos traballadores non incluídos na última liquidación (TC-2).
- Resgardo da cotización ó Réxime de Traballadores Autónomos, se procedese.

6.4.- Trimestralmente, o Adxudicatario presentará nas oficinas do Padroado de Deportes de Narón a seguinte documentación:

- Liquidacións que correspondan á Facenda Pública.

Ademais anualmente, o adxudicatario presentará nas oficinas do Padroado de Deportes o recibo de pago da póliza de responsabilidade civil así como o documento nominal, asinado polos traballadores e xustificativo de estar ó corrente no cobro dos seus devengos.

6.5.- Co obxectivo de facilitar a análises das ofertas en termos homoxéneos, para a totalidade dos licitadores, os concursantes deberán expresar nas súas propostas económicas a descomposición do custo total ofrecido, asignando a ponderación ou porcentaxe que represente cada factor constitutivo na totalidade do prezo do contrato.

A tal efecto deberase desglosar, cando menos, os seguintes conceptos de forma diferenciada:

- a) Custo total da man de obra empregada (incluíndo retribucións íntegras e aportacións da Empresa á Seguridade Social), coa indicación do número de traballadores que se adscribirán ó servizo e a súa categoría de acordo coa Normativa Laboral que lle sexa de aplicación.
- b) Productos, utensilios e, en xeral, os materiais necesarios para o mantemento das instalacións.
- c) Primas do seguro de responsabilidade civil que cubra as continxencias mínimas previstas no presente Prego de Condicións.



## **PADROADO DE DEPORTES CONCELLO DE NARÓN**

Complexo Polideportivo Municipal da Gándara – Estrada da Gándara nº 148 - 15570 NARÓN Tlf. 981-387522 Fax. 981-387632  
E-mail: p.deportes@naron.es

P.D.N. / R.F.V

- d) Cifra prevista para a recuperación das inversións (amortización técnica e financeira) da maquinaria e medios auxiliares.
- e) Gastos xerais de xestión e administración.
- f) Beneficio industrial.

### **7.- PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS.**

#### **7.1.- FUNCÍONS DO ADXUDICATARIO.**

O Concello de Narón, exercerá a supervisión e coordinación da Empresa adxudicataria co gallo de asegurarse que o obxecto do contrato estase a executar conforme as esixencias do prego e compromisos contractuais establecidos, exercéndose estas funcións preferentemente por parte do Administrador-Xerente do servizo de Deportes de Narón.

As funcións a desenrolar pola Empresa Adxudicataria serán:

- a) Posta en marcha dos programas de mantemento e limpeza.
- b) Propoñer ideas e/ou melloras dos programas para adaptalos ás necesidades.
- c) Desenvolvemento dos programas propostos e aprobados.
- d) Tomar accións correctivas en xeral ou de primeira intervención en toda a instalación, máquina e equipo que así o requira.
- e) Tramitar ó Administrador-Xerente toda a información puntual que se vaia producindo en relación cos equipos e/ou instalacións.

#### **7.2.- DESENVOLVEMENTO OPERATIVO DOS SERVIZOS. DEREITOS E OBRIGAS.**

Realizaranse sobre o edificio, instalacións e/ou equipos as seguintes actividades:

- a) Operacións de mantemento preventivo, predictivo, e correctivo que garanten a axeitada utilización, a boa conservación e a durabilidade dos mesmos.



## **PADROADO DE DEPORTES CONCELLO DE NARÓN**

Complexo Polideportivo Municipal da Gándara – Estrada da Gándara nº 148 - 15570 NARÓN Tlf. 981-387522 Fax. 981-387632  
E-mail: p.deportes@naron.es

P.D.N. / R.F.V

- b) Regulación, vixiancia e control de tódolos parámetros funcionais que definan o bo estado e funcionamento das instalacións e/ou equipos, tales como:
  - Presión, caudais, velocidade de paso, revolucións, intensidade, voltaxe, etc.
- c) Control do funcionamento de equipo ou equipos de certa entidade sobre cada instalación; sobre os cales se efectuará unha revisión periódica, incluída no plan de mantemento preventivo.
- d) Seguimento e comunicación ó Administrador-Xerente de calquera defecto das instalacións e/ou equipos que diminúan o seu rendemento e poñan en perigo a seguridade do usuario ou da propia instalación.
- e) O Adxudicatario deberá realizar, cando así o designe o CONCELLO DE NARÓN, as comprobacións das reparacións ou instalacións que se produzan por intervención de compañías fabricantes ou provedores, informando diso ó Administrador-Xerente do servizo de Deportes de Narón.
- f) As operacións ou reparacións cunha execución que produza un notable transtorno para o correcto funcionamento das instalacións executaráselles durante as horas de “non ocupación” da mesma, entendéndose que debe tratarse únicamente de actuacións excepcionais.
- g) Diariamente o responsable do mantemento recollerá as incidencias sobre consumos, reparacións e calquera outra anomalía que se orixine. Ditas incidencias serán pasadas no parte diario de mantemento que se presentará nas oficinas administrativas do servizo de Deportes antes das once horas do día seguinte.
- h) Mensualmente o adxudicatario dará conta ó CONCELLO DE NARÓN, mediante un informe, do cumprimento dos programas de mantemento e dos resultados obtidos así como de calquera incidencia que sexa importante destacar.
- i) Tódolos pavimentos, aseos, vestiarios e oficinas, deberán ser fregados e limpidos diariamente.



## **PADROADO DE DEPORTES CONCELLO DE NARÓN**

Complexo Polideportivo Municipal da Gándara – Estrada da Gándara nº 148 - 15570 NARÓN Tlf. 981-387522 Fax. 981-387632  
E-mail: p.deportes@naron.es

P.D.N. / R.F.V

- I) Nos almacéns, transformador e sala de máquinas efectuarase a limpeza cada mes.
- II) O coidado e mantemento dos xardíns exteriores farase unha vez a semana así como os accesos exteriores.
- m) A composición dos produtos, líquidos e deterxentes que se empreguen será dos habitualmente utilizados nos servizos desta natureza, prohibíndose o emprego daqueles que pola súa concentración e composición danen, produzan corrosión ou perxudiquen as superficies sobre as que se apliquen, especialmente en metais e mobiliario.
- n) O po, lixos, papeis, desperdicios e residuos de toda clase que se produzan depositaránse en bolsas e no lugar que se sinale para a súa posterior recollida polo Servizo de Limpeza.
- o) O adxudicatario designará, de entre o persoal asignado á instalación, á persoa para o control diurno e nocturno da vixilancia electrónica (facilitando ó Concello de Narón o nome e apelidos , nº de teléfono e enderezo da persoa designada).
- p) Para o correcto desenvolvemento dos servizos, e unha vez que sexa asinado o contrato co adxudicatario e este asine os postos de traballo ó seu persoal, non se poderá permutar outro persoal que o adxudicatario poidese ter noutros centros de traballo. De tódolos xeitos se existise causa de enfermidade ou outro tipo de ausencia xustificada, estarase ó disposto no punto 5.3 do presente prego.
- q) As saídas do centro de traballo ("Estadio Municipal de Narón e Campo Anexo") do persoal que o adxudicatario designe deberán ser comunicadas nas oficinas administrativas do servizo de Deportes. As ausencias non xustificadas de dito persoal, orixinarán o oportuno informe por parte do Administrador-Xerente do servizo de Deportes, co obxecto de que o Concello de Narón poida valorar as posibles infraccións en que puidese incorrer o adxudicatario . As horas de ausencia do persoal, non xustificadas, serán valoradas en dito informe e descontadas ó adxudicatario según o prezo de adxudicación incrementado cos impostos que procedan.



## **PADROADO DE DEPORTES CONCELLO DE NARÓN**

Complexo Polideportivo Municipal da Gándara – Estrada da Gándara nº 148 - 15570 NARÓN Tif. 981-387522 Fax. 981-387632  
E-mail: p.deportes@naron.es

P.D.N. / R.F.V

### **O Adxudicatario está obrigado a:**

- 1) Executar os traballos na forma, tempo e condicións establecidas.
- 2) Manter en perfecto estado de organización e limpeza os locais, dependencias, mobiliario e materiais tanto deportivos como de reposto.
- 3) Cumprir as disposicións laborais, da seguridade social e coa facenda pública que sexan inherentes á súa condición de empresario do persoal que preste os servizos ás súas ordes.
- 4) Responder dos danos e prexuízos que ocasione con motivo da execución do servizo e dos gastos orixinados á administración municipal por demora no cumprimento das súas obrigas.
- 5) Cumprir, ademais das expresadas, cantas outras obrigas lle veñan impostas en relación co obxecto do contrato por precepto legal ou regulamentario.
- 6) O vestiario preciso para realizar os traballos será por conta do adxudicatario, que coidará que este sexa o máis axeitado posible para o desenvolvemento das actividades. No dito vestiario só se permitirá publicidade do adxudicatario ou do servizo de Deportes de Narón, ou ben compartida, se o Concello de Narón e o adxudicatario chegaran ao acordo pertinente.
- 7) Permitir a entrada libre ó recinto e instalacións a tódalas persoas que esten provistas do correspondente carné e que cumpran os demais requisitos esixibles.
- 8) Permitir o servizo ós usuarios con extricta igualdade de trato e adoptar cantas disposicións, en medida da seguridade, sexan necesarias para evitar toda clase de danos a persoas e bens.
- 9) Asumir toda responsabilidade respecto ós danos e prexuízos, que se poidan ocasionar aos usuarios do servizo ou a terceiras persoas, causados pola acción do persoal vinculado ó servizo ou os que se derive das deficiencias dos elementos propios que puidese posuir o adxudicatario.



## **PADROADO DE DEPORTES CONCELLO DE NARÓN**

Complexo Polideportivo Municipal da Gándara – Estrada da Gándara nº 148 - 15570 NARÓN Tlf. 981-387522 Fax. 981-387632  
E-mail: p.deportes@naron.es

P.D.N. / R.F.V

- 10) Velar eficazmente para que os usuarios das instalacións se comporten debidamente e respeten tanto as normas de convivencia como as hixiénicas adecuadas, en especial a que se cumpran os Regulamentos e Ordenanzas que se promulguen, etc.
- 11) A contratación do persoal necesario para o cumprimento do servizo, sendo conta súa o abono dos emolumentos, seguros sociais e cantos outros gastos se deriven dos medios persoais dos que se dispoña. O adxudicatario cumprirá coas obrigas laborais referidas ó ámbito de aplicación dos convenios colectivos aos que estivera suxeito.
- 12) O adxudicatario cumprirá estrictamente co establecido no Réxime Interior das instalacións onde se impartan os servizos.

### **O adxudicatario terá dereito a:**

- 1) Percibir o prezo do contrato na contía, forma e tempo establecido no prego de condicións.
- 2) Tódolos outros que lle sexan recoñecidos no presente prego de condicións, por acordos ou resolucións dos órganos municipais competentes ou do servizo de Deportes.
- 3) A protección adecuada para a prestación dos servizos.

### **7.3.- REGULAMENTO, LIBROS E SERVIZO DE MANTEMENTO.**

Para o mantemento das instalacións e equipos serán de obrigado cumprimento, para o adxudicatario, tódolos Regulamentos, Ordes e instrucións técnicas complementarias que afecten a aqueles.

O adxudicatario deberá cumprimentar, segundo a normativa que puidese obrigar a iso, os libros de mantemento das instalacións e equipos que obteñan. Así mesmo deberá contar co oportuno servizo de mantemento levado a cabo por persoas ou empresas debidamente autorizadas pola Consellería de Industria da Xunta de Galicia.



## **PADROADO DE DEPORTES CONCELLO DE NARÓN**

Complexo Polideportivo Municipal da Gándara – Estrada da Gándara nº 148 - 15570 NARÓN Tlf. 981-387522 Fax. 981-387632  
E-mail: p.deportes@naron.es

P.D.N. / R.F.V

### **7.4.- MEDIOS MATERIAIS E INFORMACIÓN NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DOS TRABALLOS.**

Para a realización dos traballos, descritos neste prego, o adxudicatario disporá do persoal especializado así como da maquinaria axeitada, sendo a seguinte a mínima para as labores de mantemento do campo de fútbol:

- Cortacésped autopropulsado de coitelas helicoidais, con rodillo e recolledor incorporado.
- Aireadora (taqueadora con púas ocas e macizas).
- Verticut (rexenerador de corte vertical).
- Recebadora.
- Sementadora.
- Cortadora de tepes.
- Carreta atomizadora de 100 litros para tratamentos fito-sanitarios.
- Carreta atomizadora de 100 litros para tratamentos de herbicidas.
- Abonadora de tolva, a cal poderá ser de manexo manual.

O aporte dos materiais necesarios para a realización dos traballos de mantemento do campo de fútbol, campo anexo e pistas de atletismo (de tipo consumible: area, abonos, fungicidas, herbicidas, etc., que contarán coa homologación correspondente), serán por conta do adxudicatario.

O adxudicatario recibirá do Concello de Narón toda información técnica (planos, proxectos, libros de instrucións, etc.) correspondentes ás instalacións.

Narón, xaneiro -2012

